



XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CRTVG, S.A
E A UNIVERSIDADE DE GRANADA
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo,

DECLARA:

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar coa Universidade de Granada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue un ano desde a data da súa sinatura, o 20 de marzo de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Universidade de Granada e a CRTVG para a realización de prácticas académicas de estudantes de dita universidade nos medios públicos galegos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O presente convenio ten por obxecto regular un programa de prácticas académicas externas para o estudiantado da Universidade de Granada na CRTVG, en liñas de traballo que deberán explicitar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver. Os contidos desas prácticas definiranse de xeito que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 13 de xuño de 2018.